

INCITE.- Programas sectoriais de Investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma.

Orde do 3 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de Investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (INCITE) e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º, establece, como obxectivo xeral, o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006 aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE).

O INCITE ten coma misión impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade galega. Estrutúrase en tres tipos de programas: os programas horizontais, os programas xerais e os programas sectoriais.

Co obxectivo do apoio á I+D+I aplicada, isto é, á actividade de investigación desenvolvida fundamentalmente polas empresas xunto co resto dos axentes do sistema, e coa finalidade de darlles resposta ás necesidades dos sectores económicos e sociais e contribuír á competitividade, modernización e diversificación da economía produtiva establécense os programas sectoriais de Investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma. O primeiro deles ten por finalidade apoiar a investigación aplicada nas tecnoloxías sectoriais descritas no sistema público de investigación. O segundo, continuar co apoio e dinamización do proceso innovador de I+D+I nas PEME. O terceiro, en cambio, vai destinado aos proxectos de máis impacto desenvolvidos por diversos axentes do sistema, nos que se prima a estratexia articuladora e o compromiso investigador antes referido.

Estes programas están dirixidos ás seguintes tecnoloxías sectoriais (as súas liñas prioritarias detállanse no Anexo V):

- Medio rural (MRU)
- Medio mariño (MMA)
- Recursos enerxéticos e mineiros (REM)
- Medio natural e desenvolvemento sostíbel (MDS)
- Biomedicina e ciencias da saúde (CSA)
- Tecnoloxías da alimentación (TAL)
- Tecnoloxías dos materiais e da construción (TMT)
- Deseño e produción industrial:
Modalidade A. deseño e produción industrial (DPI)

Modalidade B. deseño e produción na automoción (DPA)

- Tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)

- Sociedade da información (SIN)

- Sociedade e cultura (SEC)

- Turismo (TUR)

Consecuentemente con todo o anterior, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria co fin de pór en marcha os instrumentos previstos no INCITE para a execución dos programas sectoriais de Investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse para o ano 2008 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva as modalidades de subvencións que a continuación se indican, con destino aos beneficiarios que igualmente se especifican, e que se rexerán polas seguintes bases xerais así coma por aquelas específicas que se inclúen como anexos á presente orde:

A. Proxectos individuais, proxectos realizados por unha sola entidade sendo esta calquera das citadas como beneficiario:

1. Equipos de investigación de universidades, organismos públicos de investigación, entes e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia: proxectos de investigación aplicada.

2. Centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia: proxectos de investigación aplicada.

3. Empresas privadas, agrupacións de empresas de carácter privado, ou empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación:

Proxectos de investigación industrial

Proxectos de desenvolvemento experimental

4. Proxectos solicitados polos distintos axentes do sistema galego de I+D con avaliación positiva nas convocatorias conxuntas de axudas para proxectos de investigación sobre o cambio climático dentro de ERA-NET CIRCLE e proxectos

sobre a contaminación mariña accidental dentro do ERA-NET AMPERA, nas que a Consellería de Innovación e Industria é socio rexional.

B. Proxectos en colaboración, proxectos realizados por mais dunha entidade sendo esta calquera das citadas como beneficiario.

3. As modalidades sinaladas teñen os códigos de procedemento que se indican no seguinte cadro.

TECNOLOXÍAS SECTORIAIS	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO		
	EQUIPOS	CENTROS	EMPRESAS
Medio rural (MRU)	IN 825D	IN 827A	IN 830A
Medio mariño (MMA)	IN 825E	IN 827B	IN 830B
Recursos enerxéticos e mineiros (REM)	IN 825G	IN 827D	IN 830D
Medio natural e desenvolvemento sostíbel (MDS)	IN 825J	IN 827G	IN 830H
Biomedicina e ciencias da saúde (CSA)	IN 825H	IN 827E	IN 830F
Tecnoloxías da alimentación (TAL)	IN 825I	IN 827F	IN 830G
Tecnoloxías dos materiais e da construción (TMT)	IN 825K	IN 827H	IN 830I
Deseño e produción industrial (DPI e DPA)	IN 825N	IN 827K	IN 830L
Tecnoloxías da información e as comunicacións	IN 825M	IN 827J	IN 830K
Sociedade da información (SIN)	IN 825P	IN 827M	IN 830N
Sociedade e cultura (SEC)	IN 825O	IN 827L	IN 830M
Turismo (TUR)	IN 825V	IN 827N	IN 830O

4. Estas subvencións concédense para a realización de proxectos que se inicien no ano da convocatoria e que teñan unha duración máxima de tres anos, a contar dende a data de concesión.

Artigo 2. Solicitudes

- i. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados dos que, a título exclusivamente informativo, figuran como anexos as respectivas carautas (do VII ao XLII) desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican nos correspondentes artigos das bases reguladoras.
- ii. Os formularios de solicitude das axudas se deberán obter, cubrir, aceptar e imprimir necesariamente a través da aplicación informática establecida nos enderezos da internet <http://www.xunta.es/cumprimentacion-electronica> ou <http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>.
- iii. Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- iv. Non se terán en conta nin serán valoradas memorias adicionais á memoria científico-técnica incluída no formulario de solicitude.
- v. Os datos de contacto que figuren nas solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de

notificación. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación de calquera cambio que se producise neles.

Artigo 3. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse nos rexistros da Consellería de Innovación e Industria, así como nos de calquera outro órgano da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no DOG. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 4. Información aos interesados

1. Sobre estes procedementos administrativos, que teñen os códigos indicados no artigo 1, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de I+D+I, a través dos seguintes medios:

- a. Páxina web oficial da consellería (www.conselleriaiei.org), no seu apartado de “axudas” e na “oficina virtual”.
- b. O teléfono 981541071 da devandita dirección xeral.
- c. O enderezo electrónico info.sect@xunta.es
- d. Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 981544341.

Artigo 5. Financiamento e concorrencia

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro, nas que existe crédito axeitado e suficiente no orzamento da Comunidade Autónoma para o ano 2008, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa

orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos correspondentes criterios de valoración.

Aplicación orzamentaria	Crédito				
	2008	2009	2010	2011	Total
10.02.561A.739.0	90.000,00	60.000,00	70.000,00	50.000,00	270.000,00
10.02.561A.740.0	300.000,00	300.000,00	300.000,00	100.000,00	1.000.000,00
10.02.561A.743.0	700.000,00	400.000,00	400.000,00	200.000,00	1.700.000,00
10.02.561A.760.0	70.000,00	40.000,00	50.000,00	30.000,00	190.000,00
*10.02.561A.770.0	4.250.000,00	8.000.000,00	6.500.000,00	3.250.000,00	22.000.000,00
*10.02.561A.781.0	1.600.000,00	1.400.000,00	1.200.000,00	1.000.000,00	5.200.000,00
10.02.561B.744.0	1.500.000,00	2.500.000,00	1.600.000,00	1.000.000,00	6.600.000,00

2. As aplicacións sinaladas cun asterisco (*) están cofinanciadas con fondos FEDER e FCI nunha porcentaxe máxima do 80% e 20% respectivamente. Os beneficiarios das axudas, deberán cumprir as normas de información e publicidade dos Fondos contidas no Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (L 371/1, DOUE do 27.12.2006).

Segundo as dispoñibilidades orzamentarias e distribución anual dos fondos FEDER e FCI, a aplicación orzamentaria 10.02.561B.744.0 poderá estar cofinanciada con estes fondos nas porcentaxes máximas regulamentarias nas anualidades correspondentes aos anos 2009, 2010 e 2011.

3. As axudas previstas nesta orde serán incompatíbeis con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo proxecto. Polo demais, estas axudas serán compatíbeis con calquera outra destinada ao mesmo proxecto, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que conxuntamente non superen o custo total do proxecto. Non obstante, no caso de proxectos de empresas, o importe das axudas concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que supere a intensidade de axuda aplicable de acordo co establecido no artigo 3 do Anexo III.

Artigo 6. Consentimentos e autorizacións

1. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007, do 13 de xuño) a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar daquela as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Consonte co establecido no mesmo artigo, se o solicitante indica que certos documentos que se deban usar neste procedemento xa están no poder da administración actuante, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Neste caso, o solicitante deberá facer constar a data e o órgano en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e non poden ter transcorrido máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Consellería de Innovación e Industria velará polos datos de carácter persoal, que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as esixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Innovación e Industria revelaralles ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercitarse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, Edificios Administrativos San Caetano –

San Caetano s/n – 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 7. Órganos competentes

A Dirección Xeral de I+D+I será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondendo ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 8. Instrución dos procedementos

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6.1 resulta que o solicitante non se atopa ao corrente de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta. No caso de proxectos en colaboración a inadmisión dun dos solicitantes suporá a inadmisión de tódolos participantes no mesmo.

5. O non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa da desestimación

da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Cando a temática do proxecto o aconselle, despois de dar audiencia ao solicitante, o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación poderá determinar o transvasamento de solicitudes presentadas entre as diferentes tecnoloxías sectoriais.

Artigo 9. Avaliación

Para cada unha das tecnoloxías sectoriais o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación nomeará un xestor, persoa de recoñecido prestixio no ámbito de aplicación da tecnoloxía correspondente, así como avaliadores externos con experiencia investigadora demostrada no seu ámbito científico, que serán nomeados a proposta do xestor, en función da temática específica dos proxectos presentados a esta convocatoria.

As solicitudes, agás as presentadas os programas ERA-NET CIRCLE e ERA-NET AMPERA que xa contan con avaliación científica positiva, serán sometidas a dúas avaliacións científicas, e a unha terceira no caso de discrepancia significativa. O xestor, tendo en conta os informes de avaliación, realizará un informe sobre a idoneidade das solicitudes presentadas.

Artigo 10. Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo con criterios obxectivos, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

- A subdirectora xeral de Xestión do PGIDIT ou persoa en que delegue que actuará como presidenta.
- A subdirectora xeral de Innovación Empresarial ou persoa en que delegue.
- O xestor da tecnoloxía sectorial correspondente. No caso de existir máis dun xestor un deles asistirá ás reunións da comisión con voz e sen voto.
- Un funcionario da Dirección Xeral de I+D+I, que actuará como secretario con voz e voto.
- Tres vocais designados polo director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación que, de ser o caso, representarán ás direccións xerais con competencias no ámbito sectorial ao que se refiran as axudas.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lle

corresponde segundo os criterios establecidos. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme ao sinalado neste artigo.

Artigo 11. Audiencia

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o apartado anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12. Resolución e notificación

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. Á vista da proposta formulada pola comisión de valoración a través do órgano instrutor e segundo o que dispón o artigo 21.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ao non ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o conselleiro de Innovación e Industria ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación que serán motivadas de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. As resolucións expresarán, cando menos:

- a) As entidades beneficiarias da axuda.
- b) O importe global da axuda para cada entidade.
- c) A relación de posibles suplentes.
- d) A desestimación expresa do resto das solicitudes.

4. No caso de que a comisión de selección propoña o financiamento de solicitudes correspondentes a centros de investigación dependentes da Xunta de Galicia, unha vez ordenadas por orde de prioridade decrecente a Dirección Xeral de I+D+I estudará o seu financiamento, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias. De ser o caso, procederá a realizar unha retención de crédito na aplicación orzamentaria

correspondente coa finalidade de que a consellería correspondente poida levar a cabo a oportuna ampliación de crédito do seu orzamento para realizar a execución das actividades de investigación.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

6. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 13. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 14. Modificación da resolución

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras

administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da concesión a instancia do beneficiario, sempre que estea presente a solicitude de modificación con anterioridade a data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto de subvención e se cumpran os seguintes requisitos:

a. Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b. Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c. Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria logo da instrución do correspondente expediente no que se lle dará audiencia ao interesado.

Artigo 15. Aceptación e renuncia.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como Anexo VI, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.

Artigo 16. Obrigas dos beneficiarios.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como daquelas específicas que se indiquen nos anexos desta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro deste orde quedan obrigados a:

a. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 17. Subcontratación.

Nas modalidades de axuda que contemplan este concepto de gasto, será de aplicación o disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para os efectos desta orde e co fin de incentivar a colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación o custo total das subcontratacións poderá acadar o 70 % do custo total do proxecto.

Non se admitirán subcontratacións realizadas por persoas ou entidades vinculadas co beneficiario agás no caso de que a entidade subcontratada sexa a única con capacidade para desenvolver as actuacións subcontratadas.

Artigo 18. Pagamento

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. Poderán realizarse pagos parciais a conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente.

3. No caso de gastos realizados na primeira anualidade, admitiranse custos do proxecto realizados e comprometidos desde a data de rexistro de entrada da solicitude ata a data límite de xustificación. Os pagos correspondentes a estes gastos poderanse efectuar como máximo ata o 30 de decembro de 2008. Nos proxectos plurianuais enténdese que os investimentos que se efectúen dende a data límite de xustificación da anualidade corrente ata final de ano, inclúense na anualidade seguinte e, polo tanto, poderán presentarse como xustificantes para o cobro desta anualidade.

Artigo 19. Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta convocatoria ou das condicións que, no seu caso, se establezan na resolución de concesión, así como os supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, darán lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución á que se refire o apartado anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada Lei. Aos

beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 20. Control

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións. Solicitaranse informes parciais ou finais que acrediten o proceso da investigación en curso e dean conta dos resultados obtidos ata ese momento e ademais poderanse realizar visitas coa mesma finalidade.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 21. Difusión de resultados.

Os traballos e os resultados obtidos serán propiedade dos seus autores que, no momento da súa publicación, deberán facer constar a referencia específica da axuda recibida e remitirán á Dirección Xeral de I+D+I un exemplar das correspondentes publicacións.

Artigo 22. Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no Diario Oficial de Galicia a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 23. Remisión normativa.

Para todo o non previsto nas bases reguladoras estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Marco Comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 323, do 30 de decembro de 2006), nos Regulamentos (CE) 1080/2006, 1083/2006 e 1828/2006 relativos o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e no resto de normativa que resulte de aplicación.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase ao director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2008

Fernando Xabier Blanco Álvarez

Conselleiro de Innovación e Industria.

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións correspondentes a proxectos de investigación aplicada de equipos de investigación de universidades, organismos públicos de investigación, entes e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 1. Obxecto das subvencións.

Teñen por obxecto promover o desenvolvemento de proxectos de investigación aplicada nas distintas liñas de investigación subliñadas nas tecnoloxías sectoriais (Anexo V) como instrumentos do programa sectorial de Investigación aplicada.

A finalidade principal é financiar proxectos dirixidos por investigadores e investigadoras do sistema público de investigación de Galicia que desemboquen en resultados aplicábeis e transferíbeis ao tecido empresarial.

Artigo 2. Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os equipos de investigación do sistema público de investigación de Galicia (SUG; centros, entes e organismos públicos de investigación).

2. Para os efectos destas axudas enténdese por equipo de investigación o conxunto de investigadores que baixo a dirección dun deles desenvolven un proxecto de investigación concreto. Os membros do equipo deben pertencer ao mesmo organismo, coa excepción dos membros considerados nos apartados 3 c. e d. do parágrafo seguinte.

3. O equipo de investigación constituírase co seguinte tipo de membros:

a. Persoal investigador estable:

- Persoal investigador doutor con vinculación estatutaria ou contractual estable co organismo público. Considéranse dentro desta categoría o PDI universitario contratado nas figuras da LOU que requiren o título de doutor, así como o persoal investigador contratado ao abeiro dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal ou asimilables.

- Persoal investigador non doutor con vinculación estatutaria ou contractual estable co organismo público, ou mantida ao menos durante a vixencia do proxecto.

b. Persoal investigador en formación: Persoal con vinculación ao organismo en figuras específicas de formación investigadora, nomeadamente: axudantes, persoal contratado

en formación do programa María Barbeito ou asimilables, bolseiros predoutorais de convocatorias públicas.

c. Investigadores asociados: Persoal investigador doutor vinculado a outro organismo de investigación que se considera relevante para o correcto desenvolvemento do proxecto. Inclúese nesta categoría o persoal docente doutor dos centros de ensino non universitario.

d. Persoal de apoio: Persoal técnico ou calquera outro persoal contratado para a realización de tarefas de apoio á investigación no desenvolvemento de proxectos concretos de investigación e persoal sen vinculación a un organismo de investigación.

4. O investigador principal que exerce a dirección do proxecto deberá ser doutor, pertencer a algunha das categorías incluídas no apartado a) do punto 3 anterior e ter dedicación completa ao correspondente organismo, agás nos centros sanitarios que poderá ter dedicación a tempo parcial.

5. Existen limitacións na participación en proxectos de investigación que, con cargo ás distintas convocatorias de subvencións para a realización de proxectos da Dirección Xeral de I+D+I, pode ter vixentes calquera investigador, tanto no número como no tipo de participación. Estas limitacións son:

- No número: Con dedicación compartida, un investigador pode ter vixentes:
 - Tres proxectos, no caso de doutores con dedicación a tempo completo ao organismo.
 - Dous proxectos, no caso de doutores con dedicación a tempo parcial ao organismo.
 - Nos demais casos, só poderá participar nun único proxecto.
- No tipo de participación, só se pode ser Investigador Principal nun único proxecto.

6. A non observancia por parte dalgún membro do equipo de investigación dos límites establecidos no parágrafo anterior suporá a súa exclusión do equipo. Se afecta ao Investigador Principal será motivo de non admisión á trámite da solicitude.

7. Todos os proxectos de investigación vixentes financiados a cargo de calquera dos programas do Plan Galego computan a efectos dos límites establecidos no epígrafe 5 anterior. Exclúense do cómputo:

- Tódolos proxectos internacionais;
- Tódolos proxectos do Plan Nacional;
- Os proxectos do Plan Galego de I+D+I que rematen no mesmo ano no que se solicita a axuda.

8. Os contratados ao abeiro dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal ou equivalentes, se o seu contrato remata antes da finalización do proxecto para o que se solicita a axuda coa conseguinte perda de vinculación co organismo, poderán ser membros do equipo de investigación ata a data de finalización do seu contrato. Neste caso deberá figurar na solicitude, outro investigador que cumpra os requisitos

necesarios, para que unha vez substituído o investigador cesante, non se vexa alterada de forma significativa a estrutura e capacidade científico-técnica.

Artigo 3.- Contía das subvencións e conceptos subvencionables

1. A contía máxima da axuda concedida por proxecto (ou subproxecto, de ser o caso) será de 120.000 euros para un período máximo de tres anos.

2. En xeral, as axudas solicitadas deberán referirse a algún dos conceptos seguintes, que en ningún caso serán considerados como subcontratación:

a) Persoal contratado especificamente para colaborar nas actividades de investigación do proxecto. A contratación realizarase conforme aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Excepcional e unicamente para o caso de títulos obtidos no estranxeiro que estean en proceso de homologación polo Ministerio de Educación y Ciencia, admitirase, durante un período máximo de dous anos, a substitución do contrato por unha bolsa, por un importe mínimo de 16.000 euros anuais.

O importe mínimo para a contratación, a tempo completo, será de 21.000 euros por persoa e ano no caso de titulados superiores e 18.000 euros no caso de titulados medios ou Formación Profesional.

b) Material inventariable e bibliográfico indispensable para a realización do proxecto, debidamente xustificado. O material inventariable e bibliográfico adquirido con cargo a estas axudas será propiedade do organismo ao que pertence o/a investigador/a principal do proxecto.

c) Material funxible debidamente xustificado.

d) Axudas de custo por desprazamento para actividades que se precisen no desenvolvemento do proxecto.

e) Outros gastos (especificaranse no modelo de solicitude).

f) Custos indirectos: imputarase por este concepto un 15% do custo total do proxecto, co fin de resarcir ao correspondente organismo dos gastos que a execución do proxecto leva implícitos.

Artigo 4.- Solicitudes

1. A solicitude constará dos seguintes documentos:

a. Formulario normalizado de solicitude obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2 das bases xerais, impreso sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou rascaduras no seu formato orixinal. Este deberá ser asinado polo investigador principal do proxecto e presentarse co visto e prace do representante

legal do organismo correspondente. Esta sinatura supón o compromiso de verificación dos datos que se presentan na solicitude.

b. Os currículos de tódolos membros do equipo investigador que se engadirán na propia aplicación informática de xeración de solicitudes, como documentos de texto en formato Word ou PDF, utilizando o formato normalizado da Dirección Xeral de I+D+I, que se poderá obter na páxina web <http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>. No caso de non seren engadidos na aplicación informática, serán obtidos pola Dirección Xeral de I+D+I do Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA). Non serán tidos en conta os currículos presentados en papel.

c. Nas solicitudes de axudas que procedan de persoal pertencente a centros sanitarios que xestionen as súas actividades de investigación a través de fundacións de interese galego (Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego), o SERGAS deberá dar o seu visto e prace á solicitude e autorizar á correspondente fundación sanitaria de interese galego para que xestione a subvención. Pola súa banda, o representante legal da fundación deberá asinar a aceptación da devandita xestión.

d. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de tódalas administracións públicas, utilizando para estes efectos o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

e. Autorización emitida polo Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou acreditación de ter presentada a súa solicitude nos supostos recollidos na Lei 14/2007, de 3 de xullo, de Investigación biomédica (BOE nº. 159 do 4 xullo de 2007).

2. O organismo a través do cal se presente algunha solicitude de axuda das contempladas neste anexo deberá remitir á Dirección Xeral de I+D+I, no prazo establecido para a presentación de solicitudes, unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da axuda recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non será necesaria máis que unha única declaración por organismo, válida para o conxunto de solicitudes presentadas polo seu persoal.

Artigo 5.- Criterios de valoración

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viábeis, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

a. A valoración científico-técnica realizada polos expertos externos terá un máximo de 70 puntos, e nela avaliarase por unha parte ao equipo de investigación e por outra o proxecto presentado:

1. Capacidade de I+D do equipo de investigación (máximo 20 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 6 puntos). Terase en conta a experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal; o nivel científico técnico; e a adecuación de tamaño e composición do equipo de investigación.
2. Proxecto de investigación (máximo 50 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 20 puntos). Terase en conta:
 - i. Calidade científico-técnica do proxecto (máximo 20 puntos): novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes; claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos; aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados; interese para o sector e posíbeis beneficios.
 - ii. Viabilidade do proxecto (máximo 20 puntos): viabilidade e adecuación da metodoloxía; deseño e plan de traballo da investigación; adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo.
 - iii. Adecuación do presuposto do proxecto (máximo 10 puntos): terase en conta o grao de xustificación do presuposto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto.
 - b. A valoración realizada pola comisión de selección terá un máximo 30 puntos e nela avaliaranse os seguintes aspectos:
 1. A coherencia dos obxectivos do proxecto coa Política Científica e Tecnolóxica da Xunta de Galicia (máximo 10 puntos).
 2. Composición e dedicación do equipo (máximo 10 puntos). Teranse en conta o número de doutores, a incorporación de doutores novos (menos de catro anos de experiencia posdoutoral), o grao de dedicación ao proxecto, a participación equilibrada de investigadoras no equipo, principalmente na planificación, coordinación e na dirección da investigación, e o carácter multidisciplinar do equipo.
 3. A valoración dos resultados obtidos polos investigadores que forman o equipo en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia (máximo 5 puntos).
 4. Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (2.5 puntos).
 5. Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (2.5 puntos).

Artigo 6.- Xustificación da subvención

1. Para poder proceder ao libramento dos fondos, será necesario que na data límite do 31 de outubro de cada anualidade se remita a seguinte documentación:
 - a) Por parte da universidade ou organismo competente, certificación expresiva da realización dos gastos realizados na que conste o concepto subvencionable e o

importe de cada un deles, correspondentes á axuda outorgada. No caso de que o pagamento destes gastos realizados ata o 31 de outubro se efectúe con posterioridade, emitirase outra certificación na que se faga constar este pagamento. O prazo para que estoutra certificación teña entrada na Dirección xeral de I+D+I remata o 30 de decembro de 2008.

b) Por parte do beneficiario, no caso de xustificar a derradeira anualidade, declaración complementaria relativa ao conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

No caso de proxectos cofinanciados con fondos FEDER, os gastos deberán xustificarse mediante facturas orixinais aboadas ou documentos contables de valor probatorio equivalentes, segundo o establecido no Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (L 371/1, DOUE do 27.12.2006). Non se admitirán xustificantes de pagamento posteriores ao 30 de decembro do exercicio correspondente.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Pagamento

1. As subvencións concedidas ás Universidades e centros de investigación públicos non dependentes da Xunta de Galicia serán libradas a través do organismo a que pertenza o equipo investigador, conforme o plan de necesidades do proxecto subvencionado e de acordo coa normativa vixente.

Artigo 8. Seguimento.

O investigador responsable da axuda está obrigado a comunicar á Dirección Xeral de I+D+I, no momento en que sexa beneficiario de calquera axuda concedida para a execución dun mesmo investimento, o importe e a duración da mesma.

No prazo máximo de 3 meses contado a partir da finalización da axuda o beneficiario deberá presentar un informe que incluíra a descrición dos logros e o cumprimento dos obxectivos acadados. O modelo normalizado de informe poderá obterse na páxina web <http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>

O xestor do programa poderá solicitar ao investigador responsable as comprobacións e aclaracións que sexan necesarias. Se se constatase unha incorrecta utilización dos

fondos ou un desvío dos obxectivos, o xestor do programa poderá propor a suspensión da axuda. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D+I poderá convocar ao investigador responsable da solicitude, se o considera necesario, a unha entrevista en relación coa execución das actividades e os resultados obtidos.

Artigo 9.- Incidencias.

Os investigadores que conforma o equipo de investigación beneficiario dunha axuda están obrigados a manterse no equipo ata a finalización do proxecto, agás circunstancias excepcionais que deberán ser autorizadas expresamente pola Dirección Xeral de I+D+I.

ANEXO II

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións correspondentes a proxectos de investigación aplicada de centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1. Obxecto das subvencións

Teñen por obxecto promover o desenvolvemento de proxectos de investigación aplicada dirixidos por equipos de investigación dos centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia nas distintas liñas de investigación subliñadas nas tecnoloxías sectoriais (Anexo V) como instrumentos do Programa sectorial I+D Suma.

Artigo 2. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, aqueles entes, institucións e organismos, tanto de natureza pública como privada, que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Gozar de personalidade xurídica propia e estar legalmente constituído, calquera que sexa a súa forma no Dereito, preferiblemente sen ánimo de lucro.
- b) Ter o seu domicilio e desenvolver as súas actividades de forma principal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Orientar de modo prioritario os seus fins a potenciar o desenvolvemento do sistema produtivo de Galicia en ámbitos de interese estratéxico para a súa innovación e mellora, mediante o desempeño de funcións de investigación e desenvolvemento tecnolóxico en tales ámbitos e primordialmente nos seguintes campos: control da calidade dos produtos, normalización e homologación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico en tecnoloxías de transformación, produción e explotación, transferencia da tecnoloxía, innovación empresarial, enerxías renovables, protección ambiental e novos materiais.

Deste xeito, poderán ser beneficiarios os seguintes centros:

Centros tecnolóxicos (centros xa consolidados):

- Centro Tecnolóxico AIMEN
- Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (ANFACO-CECOPECA)

- Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)
- Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG).
- Centro Tecnolóxico da Pesca de Celeiro (CETPEC).
- Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura (CETGA).

Pre-centros tecnolóxicos (centros de recente creación ou en proceso de transformación)

- Centro de Innovación e Servizos, Deseño e Tecnoloxía (CIS Galicia).
- Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia (CIS MADEIRA).
- Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG).
- Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns (CITIC)
- Centro de Innovaci3n Tecnol3xica en Edificaci3n e Enxeñaría Civil (CITEEC).
- Fundaci3n Instituto Tecnol3xico de Galicia (ITG)
- Centro Tecnol3xico da Carne e da Calidade Alimentaria de Galicia
- Centro Tecnol3xico do Mar - Fundaci3n CETMAR.
- Centro Tecnol3xico do Granito de Galicia (AGG)
- Centro Tecnol3xico da Lousa de Galicia
- Centro Tecnol3xico de Telecomunicaci3ns de Galicia (GRADIANT)
- Centro Tecnol3xico do Naval de Galicia (CETENAGA) / Centro de Investigaci3ns Tecnol3xicas (CIT).
- Centro Galego do Pl3stico (CGP)

Existen limitaci3ns no n3mero de solicitudes que pode presentar un centro tecnol3xico segundo se reflicte na seguinte t3boa:

Centros	Tecnoloxías propias (1)	Tecnoloxías transversais (2)	Tecnoloxías transversais (3)
AIMEN	TMT/DPI/DPA	REM/MDS/TIC/SIN	Restantes tecnoloxías
ANFACO	MMA/TAL	REM/MDS/TIC/SIN	Restantes tecnoloxías
CESGA	TIC/SIN	REM/MDS	Restantes tecnoloxías
CTAG	TMT/DPI/DPA	REM/MDS/TIC/SIN	Restantes tecnoloxías
CETGA	MMA/TAL	REM/MDS/TIC/SIN	Restantes tecnoloxías
CETPEC	MMA/REM/TAL	MDS/TIC/SIN	Restantes tecnoloxías

(1) Tecnoloxías sectoriais propias das liñas de investigaci3n do centro sen límite de n3mero de solicitudes

(2) Tecnoloxías transversais. N3mero m3ximo de solicitudes: 2

(3) Tecnoloxías transversais. N3mero m3ximo de solicitudes: 1

Os precentros tecnol3xicos poder3n presentar un m3ximo de seis solicitudes, preferentemente nas tecnoloxías sectoriais propias das liñas de investigaci3n desenvolvidas no centro.

Artigo 3.- Contía das subvencións e conceptos subvencionables

As solicitudes poden incluír os conceptos seguintes:

1. Persoal técnico do centro, que non estea financiado con fondos públicos e que sexa preciso para a realización do proxecto. O devandito persoal e a súa vinculación ao proxecto deberán quedar definidos na proposta.

2. Persoal adicional técnico-científico que contrate o centro tecnolóxico para a realización do proxecto e que no momento da contratación non teña vinculación laboral co centro nin a tivese nos dous últimos anos. Na solicitude deberá figurar o perfil requirido para a persoa que se contrate. A contratación nos centros tecnolóxicos públicos realizarase conforme ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O importe mínimo para a contratación, a tempo completo, será de 21.000 euros por persoa e ano no caso de titulados superiores e 18.000 euros no caso de titulados medios ou Formación Profesional.

Excepcional e unicamente para o caso de títulos obtidos no estranxeiro que estean en proceso de homologación polo Ministerio de Educación y Ciencia, admitirase, durante un período máximo de dous anos, a substitución do contrato por unha bolsa.

Nos conceptos sinalados nos apartados 1 e 2, non se admiten custos de persoal financiados con fondos europeos.

3. Material inventariable: adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización do proxecto, na medida na que se dediquen ao proxecto en cuestión, e que estean debidamente xustificadas. Admitiranse os alugamentos de equipos só en casos específicos e debidamente razoados. Non se admitirán custos de utilización nin amortizacións. O material inventariable adquirido con cargo a estas axudas será propiedade do centro ao que pertence o investigador principal do proxecto.

4. Servizos tecnolóxicos externos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, debidamente xustificadas.

Entenderase por servizos tecnolóxicos aquelas actividades diferentes á investigación proposta, que deban ser puntualmente prestadas por outra entidade para que o proxecto poida ser desenvolvido, tales como:

- análises e ensaios de laboratorio
- enxeñería para a montaxe e operación
- estudos e actividades complementarias
- consultorías externas

Se a actividade a realizar forma parte da propia investigación deberá ser considerada como subcontratación, e non coma servizo tecnolóxico externo (ver punto 7).

5. Material funxible: adquisición de materiais funxibles ou compoñentes precisos para a execución do proxecto, debidamente xustificadas.

6. Viaxes relacionados coa execución do proxecto (os gastos de manutención non poderán superar a contía de 55 euros por persoa e día, e os gastos de quilometraxe 0.19 €/km). Será preciso xustificar a necesidade da viaxe para a correcta execución do proxecto.

7. Subcontratación con organismos públicos de investigación, precisas para o proxecto e específicas para o seu desenvolvemento, debidamente pormenorizadas e xustificadas. O custo da subcontratación poderá incluír calquera dos conceptos sinalados nos puntos anteriores, e será incrementado nun 15% en concepto de custos indirectos.

8. No caso de Centros Tecnolóxicos de carácter público: 15% en concepto de custos indirectos, co fin de resarcir ao correspondente centro dos gastos que a execución do proxecto leva implícitos.

Incrementarase nesta porcentaxe o importe total do proxecto una vez detraído o importe das subcontratacións.

Artigo 4.- Solicitudes

A solicitude constará dos seguintes documentos:

a. Formulario normalizado de solicitude, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2 das bases xerais, impreso sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou rascaduras no seu formato orixinal. Este formulario deberá ser asinado polo investigador principal do proxecto e presentarse co visto e prace do representante legal do centro correspondente.

b. Os currículos de tódolos membros do equipo investigador do centro e, de selo caso, os do equipo da subcontratación, poderán ser engadidos na propia aplicación informática de xeración de solicitudes como documentos de texto en formato Word ou PDF utilizando o formato normalizado da Dirección Xeral de I+D+I, que se poderá obter na páxina web <http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>. No caso de non seren engadidos na aplicación informática, os currículos dos investigadores incluídos no Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA) serán obtidos pola Dirección Xeral de I+D+I do mencionado rexistro. Non serán tidos en conta os currículos presentados en papel.

c. No caso de proxectos con subcontratacións achegarase unha copia compulsada do contrato, asinado polos representantes legais das partes contratantes ou, no seu

defecto, unha carta de intencións asinada polo investigador principal do proxecto no centro tecnolóxico e o investigador principal do equipo de investigación da entidade que colaborará no proxecto, coa conformidade dos representantes legais do centro tecnolóxico e da entidade subcontratada.

d. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de tódalas administracións públicas, utilizando para estes efectos o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

e. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

f. Autorización emitida polo Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou acreditación de ter presentada a súa solicitude nos supostos recollidos na Lei 14/2007, de 3 de xullo, de Investigación biomédica (BOE nº. 159 do 4 xullo de 2007).

g. Ademais, os centros tecnolóxicos de carácter privado presentarán a documentación especificada para empresas nos puntos c), d), e), f) e g) do artigo 4 do Anexo III.

Artigo 5.- Criterios de valoración

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

a. A valoración científico-técnica realizada polos expertos externos terá un máximo de 70 puntos, e nela avaliarase por unha parte ao equipo de investigación e por outra o proxecto presentado:

1. Capacidade de I+D do equipo de investigación (máximo 10 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 3 puntos). Teranse en conta:

i. A valoración científico-técnica do centro para desenvolver o proxecto, así como a experiencia do centro e o seu equipo de investigación na dirección de proxectos de I+D+I anteriores e a transferencia de resultados ao seu sector produtivo.

ii. No caso de contar con subcontratacións, a experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal; o nivel científico-técnico; e a adecuación do tamaño e a composición do equipo de investigación.

2. Proxecto de investigación (máximo 60 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 20 puntos). Teranse en conta:

i. Calidade científico-técnica do proxecto (máximo 30 puntos): novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes; claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos; aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados; interese para o sector e posibles beneficios.

ii. Viabilidade do proxecto (máximo 20 puntos): viabilidade e adecuación da metodoloxía; deseño e plan de traballo da investigación; adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo.

iii. Adecuación do presuposto do proxecto (máximo 10 puntos): terase en conta o grao de xustificación do presuposto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto.

b. A valoración realizada pola comisión de selección terá un máximo de 30 puntos e nela avaliaranse os seguintes aspectos:

1. Coherencia dos obxectivos do proxecto coa Política Científica e Tecnolóxica da Xunta de Galicia (máximo 12 puntos).

2. A valoración dos resultados obtidos polo centro en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia (máximo 5 puntos).

3. Proxectos que se realicen con subcontratación de organismos públicos de investigación (máximo 4 puntos).

4. Composición e dedicación do equipo (máximo 4 puntos). Teranse en conta o número de doutores, a incorporación de doutores novos (menos de catro anos de experiencia posdoutoral), o grao de dedicación ao proxecto, a participación equilibrada de investigadoras no equipo, principalmente na planificación, coordinación e na dirección da investigación.

5. Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (2.5 puntos).

6. Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (2.5 puntos).

Así mesmo, a Comisión poderá fixar o número máximo de proxectos que poden financiarse a un mesmo centro tecnolóxico.

Artigo 6.- Xustificación da subvención

1.- Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, nos lugares sinalados no artigo 3 das bases xerais, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate.

A.1. Os centros tecnolóxicos de carácter público presentarán a seguinte documentación:

- Certificación expresiva da realización dos gastos realizados na que conste o concepto subvencionable e o importe de cada un deles, correspondentes á axuda outorgada. No caso de que o pagamento destes gastos realizados ata o 31 de outubro se efectúe con posterioridade, emitirase outra certificación na que se faga constar este

pagamento. O prazo para que estoutra certificación teña entrada na Dirección xeral de I+D+I remata o 30 de decembro de 2008.

- No caso de xustificar a derradeira anualidade, declaración complementaria relativa ao conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

- No caso de proxectos plurianuais achegarase un informe parcial de resultados, en formato normalizado facilitado pola Dirección Xeral de I+D+I, no que se reflectirán os datos do nivel de execución do proxecto.

- No caso de proxectos de unha única anualidade ou cando se trate da derradeira anualidade dun proxecto plurianual achegarase, ademais dun informe final de resultados, en formato normalizado, unha memoria, en formato libre, na que se detallará o desenvolvemento científico-técnico do proxecto así como os resultados obtidos.

- No caso de subcontratacións, copia compulsada do contrato, asinado polos representantes legais das partes contratantes, se non fora presentado coa solicitude.

A.2. Os centros tecnolóxicos de carácter privado presentarán a documentación especificada para empresas (Artigo 6 do Anexo III) agás o xustificante de depósito de aval bancario ou de entidade aseguradora.

2.- Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Seguimento.

A entidade responsable do proxecto está obrigada a comunicar á Dirección Xeral de I+D+I, no momento en que sexa beneficiario de calquera axuda concedida para a execución dun mesmo investimento, o importe e a duración da mesma.

O xestor do programa poderá solicitar ao investigador responsable as comprobacións e aclaracións que sexan necesarias. Se se constatase unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, o xestor do programa poderá propor a suspensión da axuda. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D+I poderá convocar ao investigador responsable da solicitude, se o considera necesario, a unha entrevista en relación coa execución das actividades e os resultados obtidos.

ANEXO III

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións correspondentes a proxectos de empresas privadas, agrupacións de empresas de carácter privado, ou empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación.

Artigo 1. Obxecto das subvencións.

Teñen por obxecto promover o desenvolvemento de proxectos realizados por PEMES e grandes empresas nas distintas liñas de investigación subliñadas nas tecnoloxías sectoriais (Anexo V) como instrumentos dos programas sectoriais PEME I+D e I+D Suma.

Artigo 2. Beneficiarios.

Terán a condición de beneficiario das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases:

a) Empresas: entidades, calquera que sexa a súa forma xurídica, que exerzan unha actividade económica e que estean validamente constituídas no momento da presentación da solicitude. Aos efectos da presente orde, intégranse neste concepto as empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación.

Dentro do concepto de empresa diferéncianse as pequenas e medianas empresas, que a súa vez se definen e subdivíden como se indica a continuación:

1.- PEMES: entenderase por tales, de acordo coa Recomendación da Comisión de 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOUE L 124, de 20 de maio de 2003), as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ocupar a menos de 250 persoas
- Ter un volume de negocio anual que non exceda 50 millóns de euros ou un balance anual que non exceda 43 millóns de euros.

Para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros mencionados estarase ao disposto na Recomendación da Comisión de 6 de maio de 2003.

2.- Na categoría PEME defínese a unha pequena empresa aquela que ocupa a menos de 50 persoas e cun volume de negocios anual ou cun balance xeral anual

que non supera os 10 millóns de euros, computándose os límites de acordo coa Recomendación da Comisión antes indicada.

3.- Na categoría PEME defínese a unha microempresa aquela que ocupa a menos de 10 persoas e cun volume de negocios anual ou cun balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros, computándose os límites de acordo coa Recomendación da Comisión antes indicada.

b) Agrupacións empresariais sectoriais de carácter privado que realicen proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento para o seu sector.

Asemade, os beneficiarios indicados deberán cumprir os seguintes requisitos:

a. Ter o seu domicilio social ou algún dos seus centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

b. Realizar a actividade obxecto da axuda principalmente no ámbito territorial de Galicia.

c. Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

d. Non ter contraída débeda coa Xunta de Galicia.

e. Posuír personalidade xurídica propia e suficiente capacidade de obrar e non estar inhabilitada para a obtención de subvención pública ou para contratar co Estado, as comunidades autónomas e outros entes públicos.

f. Non incorrer nalgunha das circunstancias relacionadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 3.- Contía das subvencións e conceptos subvencionables

Para que a solicitude poida ser considerada, será necesario que o importe do custo total solicitado do proxecto sexa como mínimo de 50.000,00 € no caso das PEMES e 90.000,00 € no caso de grandes empresas. O proxecto de investigación debe pertencer a unha ou varias das seguintes categorías de investigación:

1.- Proxectos de Investigación Industrial:

Enténdese por investigación industrial a investigación planificada ou os estudos críticos encamiñados a adquirir novos coñecementos e aptitudes que poidan ser útiles para desenvolver novos produtos, procesos ou servizos ou permitan mellorar considerablemente os xa existentes. Inclúe a creación de compoñentes de sistemas complexos que sexan necesarios para investigación industrial, especialmente a validación de tecnoloxía xenérica, salvo os prototipos contemplados no punto 2.

2.- Proxectos de Desenvolvemento Experimental:

Enténdese por actividade de desenvolvemento experimental a adquisición, combinación, configuración e emprego de coñecementos e técnicas xa existentes, de índole científica, tecnolóxica, empresarial ou de outro tipo, con vistas á elaboración de

plans e estruturas e deseños de produtos, procesos ou servizos novos, modificados ou mellorados. Poderá incluír, por exemplo, outras actividades de definición conceptual, planificación e documentación de novos produtos, procesos e servizos. Entre as actividades poderá figurar a elaboración de proxectos, deseños, plans e demais tipos de documentación sempre e cando non estea destinada a usos comerciais.

Inclúese así mesmo, o desenvolvemento de prototipos e proxectos piloto que poidan utilizarse comercialmente cando o prototipo sexa por necesidade o produto comercial final e a súa fabricación resulte demasiado onerosa para o seu uso exclusivo con fins de demostración e validación. No caso de utilización comercial posterior de proxectos piloto ou de demostración, todo ingreso que dita utilización xere debe deducirse dos custos subvencionables.

Son tamén subvencionables a produción e ensaio experimentais de produtos, procesos e servizos, sempre e cando non poidan empregarse ou transformarse de modo que poidan utilizarse en aplicacións industriais ou para fins comerciais.

O desenvolvemento experimental non inclúe as modificacións habituais ou periódicas efectuadas nos produtos, liñas de produción, procesos de fabricación, servizos existentes e outras actividades en curso, aínda cando ditas modificacións poidan representar melloras.

A intensidade da axuda non poderá superar o 50% do custo subvencionable do proxecto no caso de Investigación Industrial e o 25% no caso de proxectos de Desenvolvemento Experimental. Estes valores poderán aumentarse como se indica na seguinte táboa.

Incremento de intensidades de axudas			
	Pequena empresa	Mediana empresa	Gran empresa
Investigación Industrial	70%	60%	50%
Desenvolvemento Experimental	45%	35%	25%

Estas intensidades de axudas poderán incrementarse nun 15% ata unha intensidade máxima de axuda do 80% nos supostos indicados no capítulo 5.1.3 do Marco Comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01, DOUE 30.12.06)

As solicitudes destes proxectos poden incluír os conceptos seguintes:

1. Persoal técnico da empresa que realice, exclusivamente, actividades de investigación necesarias para a realización do proxecto. O devandito persoal e a súa vinculación ao proxecto deberán quedar definidos na proposta.

2. Persoal adicional técnico-científico que contrate a empresa para a realización do proxecto e que no momento da contratación non teña vinculación laboral coa empresa nin a tivese nos dous últimos anos. Na solicitude deberá figurar o perfil requirido para a persoa que se contrate.

Nos conceptos sinalados nos apartados 1 e 2, non se admiten custos de persoal financiados con fondos europeos.

3. Material inventariable: adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización do proxecto, na medida na que se dediquen ao proxecto en cuestión, e que estean debidamente xustificadas. Admitiranse os alugamentos de equipos só en casos específicos e debidamente razoados. Non se admitirán custos de utilización nin amortizacións.

4. Servizos tecnolóxicos externos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, debidamente xustificadas.

Entenderase por servizos tecnolóxicos aquelas actividades, diferentes á investigación proposta que deban ser puntualmente prestadas por outra entidade para que o proxecto poida ser desenvolvido, tales como:

- análises e ensaios de laboratorio
- enxeñería para a montaxe e operación
- estudos e actividades complementarias
- consultorías externas

Se a actividade a realizar forma parte da propia investigación deberá ser considerada como subcontratación, e non coma servizo tecnolóxico externo (ver punto 7).

5. Material funxible: adquisición de materiais funxibles ou compoñentes precisos para a execución do proxecto, debidamente xustificadas.

6. Viaxes relacionados coa execución do proxecto (os gastos de manutención non poderán superar a contía de 55 euros por persoa e día, e os gastos de quilometraxe 0.19 €/km). Será preciso xustificar a necesidade da viaxe para a correcta execución do proxecto.

7. Subcontratacións con universidades, centros de investigación, centros tecnolóxicos ou outras empresas, precisas para o proxecto e específicas para o seu desenvolvemento, debidamente pormenorizadas e xustificadas. O custo da subcontratación poderá incluír calquera dos conceptos sinalados nos puntos anteriores e no caso de subcontratación con universidades, centros públicos de investigación ou centros tecnolóxicos de carácter público será incrementado nun 15% en concepto de custos indirectos.

Artigo 4. Solicitudes

A solicitude constará dos seguintes documentos:

- a. Formulario normalizado de solicitude, obtido a través da aplicación informática sinalada no artigo 2 das bases xerais, impreso sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou rascaduras no seu formato orixinal. Estes formularios deberán de ser asinados polo representante legal da entidade.
- b. Currículos de tódolos membros do equipo investigador da empresa en formato normalizado da Dirección Xeral de I+D+I que se poderá obter na páxina web <http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>. Este documento deberá ser engadido necesariamente na propia aplicación como documento en formato Word ou PDF a través do mecanismo habilitado para tal efecto. No caso do equipo de investigación da subcontratación os currículos poderán ser engadidos na propia aplicación informática, en caso contrario, os currículos dos investigadores incluídos no Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA) serán obtidos pola Dirección Xeral de I+D+I do mencionado rexistro. Non serán tidos en conta os presentados en papel.
- c. Unha copia compulsada do CIF da entidade solicitante, ou NIF no caso de empresario individual.
- d. Unha copia compulsada do xustificante de alta na Seguridade Social.
- e. Unha copia compulsada do poder bastante co que actúa o representante legal da entidade solicitante.
- f. Unha copia compulsada do Documento Nacional de Identidade do representante legal da entidade.
- g. Unha copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións no seu caso, da persoa xurídica á que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.
- h. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de tódalas administracións públicas, utilizando para estes efectos o documento que se inclúe no modelo de solicitude.
- i. Declaración de cumprir os requisitos de pequena, mediana ou grande empresa.
- j. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- k. No caso de proxectos con subcontratacións achegarase unha copia compulsada do contrato de colaboración, asinado polos representantes legais das partes contratantes ou, no seu defecto, unha carta de intencións asinada polo responsable do proxecto na empresa ou agrupación de empresas, e o investigador principal do equipo de investigación da entidade que colaborará no proxecto, coa conformidade

dos representantes legais da empresa ou agrupación de empresas e da entidade subcontratada.

I. Autorización emitida polo Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou acreditación de ter presentada a súa solicitude nos supostos recollidos na Lei 14/2007, de 3 de xullo, de Investigación biomédica (BOE nº. 159 do 4 xullo de 2007).

Artigo 5.- Criterios de valoración

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

- a. A valoración científico-técnica realizada polos expertos externos terá un máximo de 70 puntos, e nela avaliarase por unha parte ao equipo de investigación e por outra o proxecto presentado:
 1. Capacidade de I+D do equipo de investigación (máximo 10 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 3 puntos). Teranse en conta:
 - i. A valoración científico-técnica da empresa para desenvolver o proxecto, así como a experiencia da empresa e o seu equipo de investigación na dirección de proxectos de I+D+I anteriores e a transferencia de resultados ao seu sector produtivo.
 - ii. No caso de contar con subcontratacións, a experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal; o nivel científico-técnico; e a adecuación de tamaño e a composición do equipo de investigación.
 2. Proxecto de investigación (máximo 60 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 20 puntos). Teranse en conta:
 - i. Calidade científico-técnica do proxecto (máximo 30 puntos): novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes; claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos; aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados; interese para o sector e posibles beneficios.
 - ii. Viabilidade do proxecto (máximo 20 puntos): viabilidade e adecuación da metodoloxía; deseño e plan de traballo da investigación; adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo.
 - iii. Adecuación do presuposto do proxecto (máximo 10 puntos): terase en conta o grao de xustificación do presuposto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto.
- b. A valoración realizada pola comisión de selección terá un máximo de 30 puntos e nela avaliaranse os seguintes aspectos:

1. Coherencia dos obxectivos do proxecto coa Política Científica e Tecnolóxica da Xunta de Galicia. Valorarase a adecuación do proxecto ás liñas prioritarias da tecnoloxía sectorial correspondente detalladas no anexo V da presente Orde, así como, de ser o caso, a súa adecuación ás liñas específicas aprobadas na axenda estratéxica da Plataforma tecnolóxica correspondente (máximo 12 puntos).
2. A valoración dos resultados obtidos pola empresa en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia (máximo 4 puntos).
3. Proxectos que se realicen con subcontratación de organismos públicos de investigación ou con centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia (máximo 3 puntos).
4. Composición e dedicación do equipo (máximo 3 puntos). Teranse en conta o grao de dedicación ao proxecto e a participación equilibrada de investigadoras no equipo, principalmente na planificación, coordinación e na dirección da investigación.
5. Empresas adheridas ás Plataformas tecnolóxicas galegas e activas nos seus correspondentes grupos de traballo, así como, empresas cualificadas como IEBTS (Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica) pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo (4 puntos).
6. Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (2 puntos).
7. Solicitud presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (2 puntos).

Así mesmo, a Comisión poderá fixar o número máximo de proxectos que poden financiarse a unha mesma empresa ou grupo empresarial.

Artigo 6.- Xustificación da subvención

- 1.- Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, nos lugares sinalados no artigo 3 das bases xerais, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate.
 - a. Un resumo da execución da subvención no que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por conceptos de gastos.
 - b. Documentación acreditativa de realización do investimento ou gasto, que consistirá en orixinal e unha copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes de pagamento. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento posteriores ao 30 de decembro do exercicio correspondente.

c. No caso de adquisición de material inventariable ou prestación de servizos tecnolóxicos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, por importe superior a 12.000 euros, deberán achegarse:

- Tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

- Unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

d. No caso dos custos de persoal, tanto técnico propio como adicional contratado, con destino específico ao proxecto, deberá achegarse:

- Certificación emitida polo responsable de persoal co visto e prace do xerente ou director da empresa, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ao proxecto que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na empresa, retribución bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á empresa, data de pagamento da S.S. e custo total imputado ao proxecto (retribucións + S.S.) segundo a dedicación de cada traballador a este.

- Copia compulsada das nóminas e boletíns de cotización a Seguridade Social do persoal dedicado ao proxecto.

- Un parte de traballo no que figure a dedicación de cada persoa ao proxecto, que deberá recoller as horas de dedicación mensual ao proxecto e as sinaturas dos traballadores co visto e prace do investigador principal do proxecto e do responsable de persoal da empresa ou agrupación de empresas.

- Copia compulsada do contrato de traballo, no caso do persoal adicional contratado, con destino específico ao proxecto, non serán admitidas contratacións en categorías laborais inferiores as titulacións indicadas na solicitude

e. No caso de gastos de viaxes relacionados coa execución do proxecto deberá achegarse unha certificación das viaxes realizadas, acompañada da documentación acreditativa de realización do gasto.

f. No caso de subcontratacións con universidades, centros de investigación, centros tecnolóxicos ou outras empresas deberá achegarse:

- Copia compulsada do contrato no que se estableza a devandita colaboración, asinado polos representantes legais das partes contratantes, se non fora presentado coa solicitude.

- Copia compulsada do contrato de traballo, no caso do persoal adicional contratado, con destino específico ao proxecto.

- Orixinal e unha copia das facturas emitidas pola entidade colaboradora na que figure o título do proxecto financiado, acompañadas dos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

g. Certificación expedida pola entidade bancaria na que se sinale o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

h. No caso de proxectos plurianuais con importe superior a 30.050,61 Euros, xustificante de depósito de aval bancario ou de entidade aseguradora depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, que deberá cubrir o importe da correspondente anualidade xunto cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro, vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude e como mínimo aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto.

i. No caso de proxectos plurianuais achegarase un informe parcial de resultados, en formato normalizado facilitado pola Dirección Xeral de I+D+I, no que se reflectirán os datos do nivel de execución do proxecto.

j. No caso de proxectos de unha única anualidade ou cando se trate da derradeira anualidade dun proxecto plurianual achegarase, ademais dun informe final de resultados, en formato normalizado, unha memoria, en formato libre, na que se detallará o desenvolvemento científico-técnico do proxecto así como os resultados obtidos.

Tódolos datos incluídos nos dous documentos anteriores, excepto cando explicitamente se indique, formarán parte dunha base de datos, serán confidenciais e non se poderá facer uso deles salvo autorización expresa dos seus propietarios.

k. Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

2.- Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Seguimento.

A entidade responsable do proxecto está obrigada a comunicar á Dirección Xeral de I+D+I, no momento en que sexa beneficiario de calquera axuda concedida para a execución dun mesmo investimento, o importe e a duración da mesma.

O xestor do programa poderá solicitar ao investigador responsable as comprobacións e aclaracións que sexan necesarias. Se se constatase unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, o xestor do programa poderá propor a suspensión da axuda. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D+I poderá convocar ao investigador responsable da solicitude, se o considera necesario, a unha entrevista en relación coa execución das actividades e os resultados obtidos.

ANEXO IV

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións correspondentes a proxectos de investigación desenvolvidos polos diversos axentes do sistema galego de I+D+I que actúen en colaboración.

Artigo 1. Obxecto das subvencións.

Teñen por obxecto promover o desenvolvemento de proxectos realizados por universidades, organismos públicos de investigación, entes e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia e empresas que actúen en colaboración como instrumentos do programa sectorial I+D Suma. En todo caso, deberanse encadrar nalgunha das distintas liñas de investigación subliñadas nas tecnoloxías sectoriais (Anexo V).

Artigo 2. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións, as entidades indicadas no artigo 1 das bases reguladoras.

Cada solicitante deberá cumprir os requisitos establecidos para cada tipo de beneficiario: equipos de investigación, centros tecnolóxicos ou empresas (artigo 2 dos Anexos I, II ou III). No caso de equipos de investigación, cada subproxecto debe estar a cargo dun equipo de investigación vinculado a diferente organismo.

Un dos membros do proxecto en colaboración terá a condición de líder e coordinará tódolos traballos facéndose responsable do seguimento e coordinación deste.

Artigo 3.- Contía das subvencións e conceptos subvencionables

A cada un dos subproxectos aplicaráselle a contía, conceptos subvencionables e custo mínimo correspondentes a cada tipo de solicitante: equipos de investigación, centros tecnolóxicos, ou empresas (artigo 3 dos Anexos I, II ou III).

Artigo 4.- Solicitudes

As solicitudes presentarase como queda reflectido segundo o solicitante sexa equipo de investigación, centro tecnolóxico ou empresa (Artigo 4 do Anexos I, II ou III) seleccionando a modalidade de proxecto en colaboración.

O coordinador deberá cubrir o formulario completo da solicitude, no que constarán as entidades participantes, responsabilizándose da memoria científico-técnica do proxecto que unicamente figurará nesta solicitude. Na memoria económica do proxecto, ademais do orzamento global do mesmo, deberá especificar a parte correspondente á súa participación. Igualmente, en dita solicitude deben incorporarse unicamente os currículos do equipo de investigación liderado por el.

Pola súa parte, cada entidade participante deberá cubrir o formulario de solicitude correspondente, agás o apartado relativo á memoria científico-técnica.

A achega perante a administración da documentación realizarase de forma conxunta, centralizándose a través do líder do proxecto.

Artigo 5.- Criterios de valoración

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

- a) A valoración científico-técnica realizada polos expertos externos terá un máximo de 70 puntos, e nela avaliarase por unha parte ao equipo de investigación e por outra o proxecto presentado:
 1. Capacidade de I+D dos equipos de investigación das entidades participantes no proxecto (máximo 15 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 4 puntos). Teranse en conta:
 - i. A valoración científico-técnica das entidades solicitantes para desenvolver o proxecto, así como a súa experiencia e a dos seus equipos de investigación na dirección de proxectos de I+D+I anteriores e a transferencia de resultados ao seu sector produtivo.
 - ii. No caso de contar con subcontratacións, a experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal; o nivel científico-técnico; e a adecuación de tamaño e a composición do equipo de investigación.

2. Proxecto de investigación (máximo 55 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 18 puntos). Teranse en conta:
- i. Calidade científico-técnica do proxecto (máximo 25 puntos): novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes; claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos; aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados; interese para o sector e posibles beneficios.
 - ii. Viabilidade do proxecto (máximo 20 puntos): viabilidade e adecuación da metodoloxía; deseño e plan de traballo da investigación; adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo; complementariedade dos equipos de investigación e beneficios da colaboración.
 - iii. Adecuación do presuposto do proxecto (máximo 10 puntos): terase en conta o grao de xustificación do presuposto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto.
- b) A valoración realizada pola comisión de selección terá un máximo de 30 puntos e nela avaliaranse os seguintes aspectos:
1. Coherencia dos obxectivos do proxecto coa Política Científica e Tecnolóxica da Xunta de Galicia. Valorarase a adecuación do proxecto ás liñas prioritarias da tecnoloxía sectorial correspondente detalladas no anexo V da presente Orde, así como, de ser o caso, a súa adecuación ás liñas específicas aprobadas na axenda estratéxica da Plataforma tecnolóxica correspondente (máximo 12 puntos).
 2. A valoración dos resultados obtidos polas entidades solicitantes en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia (máximo 4 puntos).
 3. Proxectos que se realicen con subcontratación de organismos públicos de investigación ou con centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia (máximo 3 puntos).
 4. Composición e dedicación do equipo (máximo 4 puntos). A valoración realizarase tendo en conta os aspectos indicados nos criterios de avaliación de cada tipo de solicitante: equipos de investigación, centros tecnolóxicos, ou empresas (artigo 5 dos Anexos I, II ou III).
 5. Participación nas Plataformas tecnolóxicas galegas con actividade nos seus correspondentes grupos de traballo (máximo 3 puntos)
 6. Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda (2 puntos).
 7. Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación (2 puntos).

Artigo 6.- Xustificación da subvención

1.- Cada unha das entidades participantes no proxecto cumprimentará a documentación da anualidade de que se trate como queda reflectido segundo o solicitante sexa equipo de investigación, centro tecnolóxico ou empresa (artigo 6 dos Anexos I, II ou III), se ben o informe de resultados e a memoria en formato libre será única para todo o proxecto, sendo responsable da súa coordinación o líder do proxecto.

A achega perante a administración desta documentación centralizarase a través do líder do proxecto.

No caso de incumprimento dun dos socios a Dirección Xeral de I+D+I estudará a posibilidade de que os restantes subproxectos continúen desenvolvéndose.

2.- Transcorrido o prazo indicado sen que os beneficiarios presentasen a documentación solicitada poderase entender que renuncian á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO V

Liñas prioritarias das Tecnoloxías Sectoriais

Medio Rural (MRU)

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal. Neste senso, son de interese aqueles proxectos que perseguen a diversificación e o aumento da eficiencia e calidade dos sistemas da produción nos sectores agrario, gandeiro e forestal, mediante a incorporación de novas especies propias atendendo a demanda de novos produtos, ou mellorando as variedades e a calidade dos produtos vexetais e gandeiros como lácteos e carne, e fixando, en definitiva, man de obra cualificada no medio rural. Estas melloras poden derivar da utilización de técnicas de produción máis avanzadas, de novos insumos (por exemplo fertilizantes orgánicos, forraxes, alimentos gandeiros), dos avances da mellora das condicións sanitarias da produción animal e vexetal (por exemplo, novos métodos de diagnóstico e tratamento de patoloxías, novas estratexias no control e erradicación de enfermidades e control integrado de pragas). Pode tamén orientarse a proxectos de I+D+I relacionados coa mellora da organización produtiva. Serán de interese os proxectos de desenvolvemento de novas tecnoloxías de mecanización e automatización de procesos produtivos, de aplicación de biotecnoloxías aos sistemas de produción, e o desenvolvemento de produción sustentábel baseada na utilización dos recursos naturais, así como o manexo e conservación do solo e a diminución do impacto ambiental mediante o uso racional dos insumos. Son de especial interese as liñas de investigación ligadas á agricultura ecolóxica e á agricultura de conservación.

Este programa tamén ten como finalidade fomentar os recursos forestais de Galicia, así como a súa mellor utilización, baixo criterios de xestión forestal sustentábel. Son de interese os proxectos de composición, estrutura e funcionamento dos ecosistemas forestais, mellora da súa competitividade, conservación da diversidade xenética forestal, técnicas de xestión forestal sustentábel, modelización forestal, impacto do cambio climático nos ecosistemas forestais, avaliación e mellora da capacidade de fixación do carbono polas masas e os solos forestais, mellora da saúde forestal, técnicas de protección contra incendios forestais e recuperación de áreas queimadas, producións complementarias do monte e avaliación económica da silvicultura e ordenación forestal, así como o uso integral do medio rural e a multifuncionalidade dos sistemas agrícolas e forestais.

Medio Mariño (MMA)

Este programa persegue a utilización óptima dos recursos mariños renovábeis, incluíndo as bases técnicas da xestión e ordenación e o estudo dos procesos biolóxicos e ambientais con repercusión sobre os recursos. Son de interese aqueles proxectos relacionados cos seguintes aspectos: a) o coñecemento do medio natural mariño como soporte da produción biolóxica explotábel e dos factores que afectan a súa calidade, b) os recursos pesqueiros e marisqueiros, incluíndo a obtención de coñecementos para a súa ordenación e xestión, c) acuicultura, incluíndo o cultivo de novas especies, a mellora das existentes, as patoloxías, o desenvolvemento de tecnoloxías ou procesos de produción e manipulación destinadas ao incremento da produtividade e a minimización do impacto ambiental, d) o procesado industrial encamiñado a posibilitar a comercialización das especies capturadas ou cultivadas, e) a trazabilidade dos recursos mariños e dos seus derivados, incluíndo a identificación e autenticación da súa orixe.

Recursos Enerxéticos e Mineiros (REM)

A finalidade deste programa é mellorar a utilización dos recursos enerxéticos e mineiros. O sector enerxético presta un servizo imprescindible para a vida dos cidadáns e cobre un amplo espectro da actividade económica, dende a explotación dos recursos naturais ata a súa utilización final na industria, servizos e transporte. En relación aos recursos enerxéticos, son de interese os proxectos relativos á produción de enerxía a partir de recursos fósiles mediante sistemas máis “limpos” e eficientes. Teñen grande importancia os proxectos relacionados coa avaliación de recursos de enerxías renovábeis, investigación e desenvolvemento de bioenerxías (en particular a relacionada co uso da biomasa e biocombustíbeis), mellora de compoñentes e sistemas fotovoltaicos, mellora dos sistemas de xeración de enerxía eólica, obtención de combustíbeis líquidos a partir de residuos sólidos, desenvolvemento de tecnoloxías asociadas á enerxía do mar e a utilización do hidróxeno como vector. En relación cos recursos mineiros o interese céntrase en proxectos relacionados coa mellora nos procesos de localización, extracción e elaboración de materias primas, fundamentalmente granito e lousa. E no conxunto todas aquelas accións favorecedoras do aforro enerxético.

Biomedicina e Ciencias da Saúde (CSA)

Este programa ten como finalidade potenciar a investigación de excelencia nos diversos ámbitos do sector sanitario, co fin último de acadar unha asistencia sanitaria da maior calidade e a mellora da calidade de vida relacionada coa saúde da poboación. O eixe central é a investigación na saúde humana nos seus diferentes niveis: investigación biomédica aplicada, investigación en medicina clínica, investigación epidemiolóxica, en resultados de saúde, en saúde pública e en servizos de saúde. Resulta tamén de grande importancia o desenvolvemento da investigación en tecnoloxías na saúde (bioinformática, bioenxeñaría, biotecnoloxía, telemedicina, tecnoloxía farmacéutica) tanto no desenvolvemento como no eido de avaliación de tecnoloxías.

Para unha axeitada organización faise preciso formular as prioridades actuais de investigación en saúde, identificando as necesidades, recoñecendo as fortalezas e debilidades, xerarquizando actuacións segundo o seu potencial beneficio e a súa viabilidade. As prioridades establécense cunha ampla visión que incorpora dende as bases moleculares e xenéticas ata a diagnose e tratamento clínico, a avaliación de servizos de saúde e os aspectos comunitarios, de xeito preferente naqueles casos de maior interese social e sanitario.

Tendo en conta as liñas establecidas no Plan de saúde de Galicia 2006-2009, xunto coas prioridades do Plan nacional de I+D+I e o VII Programa marco da Unión Europea 2007–2013, establécense as seguintes temáticas prioritarias de investigación en biomedicina e ciencias da saúde: envellecemento, enfermidades de nutrición e metabolismo (obesidade, diabetes), enfermidades respiratorias crónicas, neurociencias, enfermidades cardiovasculares, terapia celular, enxeñaría tisular e transplante de órganos, cancro, saúde mental, enfermidades osteomusculares e do tecido conectivo, xenómica e proteómica, prevención e promoción da saúde, servizos de saúde, tecnoloxías sanitarias e enfermidades infecciosas e SIDA.

O primeiro obxectivo deste programa é promover a investigación que permita afondar no coñecemento de mecanismos moleculares, bioquímicos, celulares, xenéticos, fisiopatolóxicos e epidemiolóxicos das enfermidades e problemas de saúde máis relevantes da poboación, así como os factores que predín a resposta ás estratexias de prevención, diagnose, tratamento e rehabilitación dos pacientes.

Polo seu impacto na saúde da poboación, será de interese a investigación en estilos de vida, educación para a saúde e coidados. Serán preferentes as accións de investigación orientada ás áreas prioritarias.

Nun segundo termo, preténdese fomentar o desenvolvemento de tecnoloxías para a saúde e o benestar que contemplan os aspectos diagnósticos, curativos, preventivos e

de apoio, para incrementar a participación dos cidadáns na sociedade do benestar. O tratamento a través de liñas focalizadas das necesidades de diferentes grupos de poboación e situacións vitais: infancia, adolescencia, persoas maiores, muller, discapacidade, inmigrantes, saúde laboral, debe permitir un achegamento máis axeitado destas tecnoloxías na resposta ás diferentes necesidades e expectativas.

Desenvolveranse actuacións de fomento da investigación farmacéutica, tanto nos aspectos de biotecnoloxía farmacéutica como na predición da seguridade e eficacia das terapias.

Prestaráselle atención específica á investigación desenvolta na atención primaria, pola amplitude, impacto e relevancia dos problemas de saúde que atende.

O establecemento da carreira investigadora no sistema sanitario, xunto coas accións para a intensificación da actividade investigadora dos profesionais con liñas de investigación activas e financiadas e o apoio á constitución de redes cooperativas de investigación entre centros e institucións de I+D+I públicas e privadas, son instrumentos para o desenvolvemento do Plan.

As accións que anualmente se convoquen procurarán o progresivo desenvolvemento destas prioridades. Estas accións desenvolveranse a través de estratexias e instrumentos orientados a: incrementar os recursos humanos dedicados á investigación en biomedicina (incorporación de investigadores, intensificación da actividade investigadora, persoal de apoio técnico), desenvolver proxectos de investigación da maior calidade, favorecer a diseminación do coñecemento acadado e a súa incorporación á innovación no sistema sanitario e apoiar a colaboración intersectorial dos grupos de investigación.

A actividade investigadora terá, en todo caso, unha perspectiva de investigación translacional, cooperativa e multidisciplinaria. Nas accións desenvoltas prestaráselle especial atención á colaboración co tecido empresarial galego a prol da xeración dunha industria biotecnolóxica que atraia recursos á comunidade autónoma, e á diseminación e transferencia dos resultados acadados, coas debidas garantías, de xeito eficiente á procura da mellora da saúde da poboación.

A consecución dunha mellor posición de Galicia no eido da biomedicina e ciencias da saúde esixe o establecemento de liñas de investigación de alta calidade desenvoltas por equipos de investigación estábeis, integrados en estruturas cooperativas interdisciplinares coa colaboración da Universidade e a empresa, traballando próximos á realidade asistencial e orientados á resolución de problemas de saúde. Neste senso, estableceranse accións para o fomento da investigación translacional.

Tecnoloxías da Alimentación (TAL)

O obxectivo deste programa é favorecer o desenvolvemento do sector galego da alimentación, utilizando a I+D+I como vía para impulsar a investigación, a transferencia de tecnoloxía e a innovación nas empresas que permita o aproveitamento da gran diversidade agrícola, gandeira, pesqueira e acuícola galega. Ademais, preténdese xerar unha oferta variada e competitiva de produtos de gran calidade, que lles dea resposta ás demandas da sociedade actual, relacionadas coa calidade, saúde e seguridade, ao longo de toda a cadea de produción, e que ao mesmo tempo permita o desenvolvemento do medio rural, costeiro e que potencie a competitividade das empresas alimentarias, para acadar unha maior dimensión internacional.

Con carácter xeral, son de interese os proxectos que teñan como finalidade a diversificación e diferenciación na oferta de produtos de calidade, seguros e saudábeis, novas formas de presentación, a caracterización e viabilidade de novas materias primas, a produción de alimentos e aditivos, a automatización e robotización de procesos de produción e o desenvolvemento de novos sistemas de envasado, coma os envases activos.

Co fin de asegurar a calidade dos produtos que chegan ao consumidor, é necesario facer un seguimento dos produtos, establecendo a orixe das materias primas e aditivos, a detección de posíbeis contaminacións presentes nas materias primas, durante o procesamento e nos produtos finais ata chegar ao consumidor (trazabilidade). É de grande interese o establecemento de novas técnicas moleculares rápidas para a determinación da orixe, autenticidade das materias primas e produtos transformados, o desenvolvemento de novos métodos de análise de contaminantes ambientais, de substancias responsábeis de alerxias e intolerancias alimentarias, axentes canceríxenos, microorganismos patóxenos ou substancias procedentes dos materiais que estean en contacto cos produtos.

Tamén debe facerse fincapé na valorización de subprodutos ou coprodutos, tanto pola redución do impacto ambiental das empresas, como pola indubidábel fonte de valor engadido que poden supor.

Merecen atención os proxectos relacionados con produtos de especial presenza en Galicia como as conservas e outros transformados de produtos do mar, o leite e os seus derivados, o viño, a carne e tamén outros produtos de alto potencial como as castañas ou os cogomelos, grelos, etc.

Medio Natural e Desenvolvemento Sostíbel (MDS)

O Programa sectorial de medio natural e desenvolvemento sostíbel ten como finalidade a investigación nos distintos ámbitos ambientais co obxectivo de mellorar a saúde dos ecosistemas e o benestar humano, acadar un desenvolvemento sostíbel e avanzar cara a unha organización do territorio que favoreza a conservación e a restauración da diversidade e funcionamento dos sistemas naturais.

As liñas de actuación son as seguintes:

- a) Cambio ambiental global: modificación dos hábitats, especies invasoras exóticas, sobreexplotación, contaminación e cambio climático.
- b) Modelado de sistemas naturais.
- c) Conservación e restauración da biodiversidade, dos ecosistemas e da paisaxe.
- d) Sistemas de información ambiental.
- e) Ecoinnovación.
- f) Xestión integral da auga.
- g) Xestión integral dos residuos.
- h) Medio natural urbano.
- i) Indicadores de sustentabilidade.

Son de interese as investigacións que avalíen as evidencias e impactos dos procesos de cambio ambiental sobre a organización e funcionamento dos sistemas naturais. Asemade, considérase relevante o desenvolvemento de técnicas de mitigación e restauración (incluíndo o control e erradicación de especies exóticas invasoras cando sexa posíbel) e a análise e desenvolvemento de alternativas de xestión que permitan obter novas oportunidades, en termos de uso sostíbel de bens e servizos dos ecosistemas a partir de novas condicións ambientais.

Dada a necesidade de anticipar a xestión ambiental ante os procesos de cambio climático, son de interese as investigacións que conduzan ao desenvolvemento e validación de modelos que permitan mellorar a capacidade para predicir escenarios ambientais futuros e o seu impacto sobre o comportamento dos ecosistemas, así como a dispoñibilidade dos recursos e servizos que estes lle proporcionan á sociedade. Estes modelos inclúen todos os niveis de organización dos sistemas naturais e as súas escalas relevantes. Considérase de especial relevancia o desenvolvemento de modelos que integren as interaccións entre os distintos niveis de organización dos sistemas naturais.

O programa persegue o desenvolvemento de aspectos relacionados coa conservación da biodiversidade (dende a diversidade xenética até os ecosistemas e a paisaxe) con especial interese sobre as especies existentes en Galicia que figuren no Catálogo galego de especies ameazadas ou nos anexos das directivas comunitarias

79/409/CEE e 92/43/CEE, así como mediante a execución de proxectos de investigación relacionados coa análise da riqueza biolóxica dos espazos naturais galegos, en especial os incluídos na Rede Natura 2000 e co impacto das actividades humanas na biodiversidade.

Son de interese os proxectos encamiñados á captación, estruturación, actualización, acceso e difusión da información ambiental, coa finalidade de favorecer o maior aproveitamento da devandita información polo público en xeral, usuarios expertos/investigadores, outras administracións e sectores sociais e industriais.

Inclúese o desenvolvemento de novas ferramentas informáticas relacionadas coa construción de bases de datos, sistemas de información xeográfica ou bases documentais.

Son tamén de relevancia os proxectos de investigación e desenvolvemento relacionados coa incorporación das mellores técnicas dispoñíbeis e de tecnoloxías “limpas” ao proceso produtivo das empresas para reducir o seu impacto ambiental, co fin de obter unha maior eficiencia no consumo de materias primas e unha redución de emisións e residuos xerados. Preténdese fomentar tamén o sector dedicado á enxeñaría e desenvolvemento de equipos de uso ambiental.

Asemade, son de interese os proxectos relacionados coa xestión integral de residuos. Atenderanse proxectos de redución e control das emisións á atmosfera (incluíndo o relacionado co cumprimento do protocolo de Kyoto) e ás augas, así como a protección das augas superficiais (doces e salinas) e subterráneas no marco dunha xestión sustentábel integrada do ciclo hidrolóxico (cumprimento da Directiva marco da auga 2000/60/CE).

Considéranse de interese as investigacións que contemplan aos seres humanos como parte integral dos ecosistemas e, polo tanto, que valoren o seu papel activo para acadar os obxectivos de sustentabilidade; en particular, as investigacións en ecoloxía urbana.

As investigacións relacionadas co desenvolvemento e validación de novos indicadores de sustentabilidade é outra das prioridades deste programa.

Tecnoloxías dos Materiais e da Construción (TMT)

A finalidade deste programa é fomentar a investigación en relación cos novos materiais, co obxectivo de atender as necesidades doutros sectores produtivos nos que estas tecnoloxías teñen grande relevancia. En xeral, considéranse fundamentais a xeración de materiais compostos, o desenvolvemento de aceiros de alta resistencia, as tecnoloxías de recubrimento e tratamento térmico superficial e a caracterización de novos procesos que dean lugar a materiais de características específicas de dureza,

resistencia, elasticidade, condutividade ou transmisión térmica. Os proxectos de interese para este programa atinxen á mellora e desenvolvemento de materiais cerámicos (por exemplo, cerámicas funcionais, revestimentos cerámicos, novos tipos de tellas e tellados, biomateriais cerámicos e cementos para cirurxía reconstructiva); proxectos de desenvolvemento e mellora de polímeros e materiais compostos (por exemplo, para estruturas reforzadas, novas fibras poliméricas, illantes térmicos, acústicos e ignífugos) e proxectos relacionados cos materiais metálicos en canto á súa resistencia e vida útil e outras propiedades que lle confiren maior valor engadido (por exemplo avances cara á purificación de metais e no desenvolvemento de aliaxes especiais, técnicas contra a corrosión de metais, aliaxes lixeiras, etc.). Así mesmo, terán especial interese os proxectos relativos a materiais semicondutores e outros derivados do silicio, refractarios e acumuladores de calor, nanomateriais, tratamentos superficiais de materiais metálicos (térmicos, bombardeo iónico, etc.), recubrimentos superficiais poliméricos (pinturas, vernices, etc.), madeira e tratamentos, rocas ornamentais e os seus sistemas de ancoraxe, tecnoloxías da unión, sistemas construtivos acordes coa prevención de riscos laborais, formigón e pavimentos de propiedades especiais.

No que se refire ao caso particular da construción, este programa ten un dobre obxectivo: por un lado pretende dotar o sector da construción de novas solucións baseadas no uso de tecnoloxías avanzadas. Este programa dirixese, por exemplo, a proxectos de minimización do consumo enerxético das construcións, optimización da calidade da construción e maximización da súa vida útil, uso de novos materiais e novos tipos de construción, métodos para a avaliación do estado de estruturas e sistemas construtivos que faciliten o mantemento e a substitución.

Neste senso, é importante ter en consideración a xestión dos proxectos construtivos para mellorar a toma de decisión en canto á súa sustentabilidade e viabilidade.

Son liñas de especial interese: materiais semicondutores e outros derivados do silicio, refractarios e acumuladores de calor, nanomateriais, tratamentos superficiais de materiais metálicos (térmicos, bombardeo iónico...), recubrimentos superficiais poliméricos (pinturas, vernices...), madeira e tratamentos, rocas ornamentais (granitos e lousas), tecnoloxías de unión (soldadura, adhesivos...), sistemas construtivos acordes coa previsión de riscos laborais, formigón e pavimentos de propiedades especiais e sistemas de ancoraxe de rocas ornamentais.

Por outro lado, desenvolver técnicas procedentes da construción que poidan ser aplicadas na rehabilitación de edificios e na conservación do patrimonio, e que supoñan unha mellora significativa respecto das utilizadas na actualidade, é primordial tanto no eido da sustentabilidade como da preservación da singularidade do territorio.

Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC)

Este programa ten como finalidade estimular o avance no sector das tecnoloxías da información e as comunicacions, pero tamén favorecer a incorporación de solucións innovadoras xeradas por este sector aos demais sectores da economía galega. Inclúe, dende a investigación básica en fotónica para a súa aplicación en comunicación óptica, ata novas tecnoloxías audiovisuais en rede ou realidade virtual, pasando por aplicacións concretas na biomedicina, no sector aeroespacial ou no educativo. Son de interese os proxectos relacionados co desenvolvemento de novos equipos baseados nas tecnoloxías da información e as comunicacions para a aplicación nos sectores empresariais, sociais (a persoas con discapacidades) ou para o uso cotián (pesca, transporte, automoción, audiovisual, teleensino, telemedicina, etc.), e aqueles proxectos que se orienten a introducir melloras como a automatización na produción e miniaturización de compoñentes, aumento das posibilidades de interconexión entre equipos, aumento do tempo de autonomía de aparatos portátiles, novas posibilidades da intelixencia artificial, etc. Acóllense tamén a este programa os proxectos relacionados coa mellora das comunicacions (equipos, sinais, transmisións, novos protocolos para redes, etc.).

Tamén os novos servizos multimedia baseados nas infraestruturas da televisión dixital, da terceira xeración móbil, posicionamento global e outras, precisan de novos equipamentos para operadores e usuarios empresariais e residenciais, cuxo deseño, integración e explotación, requiren de proxectos avanzados dentro do sector das TIC para acadar un maior valor engadido nos procesos e os produtos.

Non son obxecto deste programa os proxectos que teñan por única finalidade desenvolver aplicacións informáticas, xa que ditos proxectos teñen cabida no Programa de sociedade da información.

Tecnoloxías Open Source de xeito que o investimento en tecnoloxías da información permaneza na área xeográfica onde se producen.

Sociedade da Información (SIN)

A finalidade deste programa é atender proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica relacionados coa extensión da sociedade da información en Galicia, fundamentalmente en tres áreas:

_ Relacións coa Administración, é dicir, proxectos destinados á creación de contidos dixitais ou audiovisuais e aplicacións informáticas relacionados coa Administración pública e, en particular, coas relacións entre os cidadáns e a Administración.

_ Calidade de vida, é dicir, proxectos destinados á creación de contidos dixitais ou audiovisuais e aplicacións informáticas en áreas tales como a sanidade, a educación, o turismo, o lecer ou os deportes, co obxectivo último de mellorar a calidade de vida da Comunidade e permitir o acceso de todos os cidadáns á sociedade da información.

_ Aplicacións a sectores económicos, é dicir, proxectos destinados á creación de aplicacións informáticas, relacionados con todos os sectores económicos da Comunidade Autónoma e, en particular, con aqueles nos que poidan contribuír en maior medida ao seu desenvolvemento, tales como transportes, pesca, comercio, audiovisual... ou que teñan impacto en aspectos transversais como o medio natural.

Tecnoloxías de Deseño e Producción Industrial (DPI)

Este programa está dirixido a un número limitado de sectores de tipo industrial que, pola súa natureza, necesitan das tecnoloxías procedentes de moi diversas áreas científicas e tecnolóxicas. Incorporan, polo tanto, un conxunto de ámbitos de coñecemento que conflúen para dar lugar a procesos competitivos, fortes, flexíbeis e ambientalmente sustentábeis. A nova estratexia en infraestrutura esixe realizar operacións áxiles e integrar a cadea de subministración, sendo imprescindíbeis no novo escenario o control informático, a intelixencia concorrente, a automatización, a simulación, a visión por computador ou a elaboración rápida de prototipos. Estes sectores son: madeira e móbel, téxtil e confección, construción naval, bens de equipo e maquinaria, loxística, artes gráficas e químico.

Os proxectos de interese para este programa son os que teñen por finalidade a mellora dos procesos produtivos ou de deseño, non mediante a adquisición de equipos senón mediante a definición de procesos novos ou mellorados, desenvolvendo novos equipos para incorporar a estes procesos ou adaptando outros xa existentes.

Tamén son de interese os proxectos que perseguen a definición de novos compoñentes para o proceso produtivo, o aproveitamento de subprodutos, as melloras significativas do produto ou a definición de novos produtos, así como a incorporación do criterio ambiental na concepción e deseño de procesos e produtos (por exemplo, uso eficiente da enerxía, ecodeseño, alternativas ao uso de substancias químicas disolventes e lubricantes, desenvolvemento de plásticos e envoltorios biodegradábeis, monitorizar o uso de enerxía e a produción de residuos).

Asemade prestaráselle especial atención ao “deseño para todos” que garanta a plena accesibilidade a produtos e servizos de todos os sectores da poboación.

En concreto, serán de interese os proxectos relacionados con sistemas de corte (plasma, láser, chorro de auga, etc), ferramentas, útiles e moldes, sistemas de mecanizado en seco, mecanizados de precisión, métodos de ensaio e inspección non

destrutivos (raios X, holografía, ultrasóns, metroloxía óptica, visión artificial, etc.), control intelixente de procesos, técnicas de simulación e modelados aplicadas a produtos e procesos, biomecánica, ergonómia, interfaces persoa-máquina, fabricación flexíbel e cambios rápidos e dispositivos loxísticos de produción. Pola súa importancia estratéxica, establecerase unha modalidade específica para as tecnoloxías de deseño e produción industrial para a automoción.

Sociedade e Cultura (SEC)

Este programa destínase á investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito das ciencias sociais e culturais e en relación aos temas que a continuación se sinalan:

_ Educación, é dicir, proxectos relacionados coa innovación e a investigación educativa e aplicación de novas tecnoloxías dirixidas, entre outros obxectivos, á diminución do fracaso escolar e á integración de minorías.

_ Mulleres. Investigación centrada na creación dun sistema de indicadores que contribúan a cuantificar e medir as múltiples formas de violencia contra as mulleres.

É de interese tamén o desenvolvemento de estudos que contribúan a dar a coñecer os custos sociais e económicos da violencia de xénero. Situacións de violencia: desenvolvemento de dispositivos de localización.

_ Benestar social. Identificación e caracterización socioeconómica e territorial da exclusión en Galicia. Análise lonxitudinal e transversal dos grupos vulnerábeis.

Elaboración dun sistema galego de indicadores de vulnerabilidade social e de detección temperá da exclusión social e necesidades sociais emerxentes.

Análise comparada de intervención na inclusión social. Modelaxe de metodoloxías de intervención en función das características sociais, territoriais e demográficas.

_ Protección integral dos dereitos da infancia e menores, reincidencia de menores infractores, acoso escolar.

_ Procesos e situacións de dependencia e discapacidade: aplicación de domótica, robótica e teleasistencia.

_ Accesibilidade universal e deseño para todos.

_ Envellecemento da poboación.

_ Dereito, economía e empresa, é dicir, investigación relacionada con materias xurídicas, económicas e de xestión empresarial que afecten a calquera dos sectores económicos e sociais relevantes na Comunidade Autónoma de Galicia, facendo fincipé no mercado laboral, mellora das condicións de vida e desenvolvemento económico sustentábel, así como a adaptación, incidencia e aplicación das políticas

européas en Galicia e as consecuencias da globalización económica sobre a economía galega.

_ Xestión da I+D+I, é dicir, traballos destinados a coñecer e mellorar a situación da I+D+I e a innovación en Galicia, dende o punto de vista da xestión.

_ Patrimonio artístico e cultural: son de interese os proxectos que melloren as tecnoloxías de restauración, os de inventario e estudo de elementos históricos, artísticos, arqueolóxicos e paleontolóxicos e os proxectos de procura de novas fórmulas para rendibilizar de modo sustentábel o patrimonio cultural.

_ Coñecer os procesos culturais, sociais ou económicos que definen as claves da sociedade galega actual e os seus problemas cara ao futuro. Demografía, despoboamento e envellecemento da poboación, os procesos migratorios, procesos de industrialización. A historia de Galicia, a memoria da sociedade actual e construción da sociedade civil.

_ Desenvolvemento de industrias culturais.

_ Estudos da lingua galega e o multilinguismo.

_ A cultura galega e a investigación multicultural. O sistema cultural galego-portugués e a súa universalización.

Turismo (TUR)

Turismo, lecer e deporte, é dicir, proxectos relacionados co estudo da demanda turística e de motivación do ocio, relación entre o turismo e a conservación da paisaxe e do patrimonio, saturación, novos destinos turísticos e espazos turísticos emerxentes. A análise, a diferentes escalas, de centros turísticos, diversificación da oferta turística, etc. Impacto paisaxístico e social das formas masivas de turismo e lecer e o deseño de fórmulas que garantan o uso sustentábel dos recursos turísticos, co obxectivo de deseñar unha oferta turística co modelo paisaxístico e o desenvolvemento sustentábel. Dada a enorme diversidade de temáticas e áreas de coñecemento que abrangue a investigación no turismo, destácanse as liñas de traballo que se consideran fundamentais para o Plan galego de I+D+I:

_ Novas metodoloxías de estudo e produción de estatísticas no turismo. Propostas e experiencias prácticas de creación de observatorios de turismo.

_ O turismo na sociedade actual: diversidade e fragmentación das prácticas turísticas. Os novos produtos turísticos: novidade e propostas de tipificación.

_ A análise territorial do turismo. O impacto da actividade a escala local. Desenvolvemento rural e turismo. O turismo e a polarización do crecemento espacial.

_ A especificidade da empresa turística. A organización, agrupamento e alianzas das compañías de viaxes e do turismo.

- _ Imaxe territorial e turismo. Novas tendencias de mercadotecnia turística no presente. Promoción turística e novas tecnoloxías da comunicación.
- _ A regulamentación legal en materia turística: unha perspectiva comparada. A administración e inspección turísticas: estudo das organizacións públicas.
- _ O turismo e o patrimonio cultural: degradación e recuperación do legado histórico. A paisaxe, a historicidade e os recursos culturais na nova promoción do turismo.